



DOCUMENTACIÓN 3º TRIMESTRE
SAN LORENZO

NUN ABRIR E PECHAR DE OLLOS ESFUMOUSE OUTRO CURSO MÁIS. PARA ALGÚNS DOS NOSOS NENOS E NENAS O PRIMEIRO, PARA OUTROS O ÚLTIMO DA SÚA ETAPA EN INFANTIL.

RESULTOU PARTICULAR PORQUE, DESPOIS DE DOUS ANOS, PUIDERON VOLVER A VERNOS AS CARAS, RECUPERAR A NORMALIDADE E GOZAR DE ACTIVIDADES TAN ESPECIAIS E ENRIQUECEDORAS COMO O PICNIC LITERARIO, AS XUNTANZAS OU AS CONVIVENCIAS ENTRE ESCOLAS.

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE, OCUPARON GRAN PARTE DO TEMPO AS CONMEMORACIÓNS (OS MAIOS, DÍA DA FAMILIA, LETRAS GALEGAS...) E OS DÍAS SINLADOS TÍPICOS DO FINAL DE CURSO (XUNTANZAS DOS NENOS E NENAS DE SEXTO DE INFANTIL, VISITA AO CPI...). O RESTO DO TEMPO FOI DEDICADO Á REALIZACIÓN E REPETICIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADE E TALLERES QUE FACILITARON O AFIANZAMENTO DOS CONTIDOS TRABALLADOS E TAMÉN O PROGRESO EN NOVAS HABILIDADES E CAPACIDADES, CONTRIBUÍNDO, COMO NOS MESES ANTERIORES, AO DESENVOLVEMENTO GLOBAL DO ALUMNADO.

AQUÍ QUEDA REFLECTIDO O TRABALLO DESTE ÚLTIMO E BREVE TRIMESTRE DO CURSO 2021-2022.

ESPAZOS DE APRENDIZAXE

NOS DIFERENTES ESPAZOS DE APRENDIZAXE, QUE IMOS ATOPANDO CANDO CHEGAMOS A PRIMEIRA HORA DA MAÑÁ, ESTÁN RELACIONADOS COS DIFERENTES ÁMBITOS A TRABALLAR COMO SON : LINGUAXES, LÓXICA- MATEMÁTICA, CREACIÓN E SENSORIAL.

ESPAZO DE LINGUAXE

SEGUIMOS AFIANZANDO NA ADQUISICIÓN DA LECTOESCRITURA A TRAVÉS DE PROCESOS PREVIOS MOI IMPORTANTES COMO SON A PSICOMOTRICIDADE FINA, COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL, CONCENTRACIÓN, ATENCIÓN, PRECISIÓN E PRENSIÓN.

ASÍ COMO TAMÉN A CONCIENCIA FONOLÓXICA, É DICIR, SABER RECOÑECER AS LETRAS POLO SEU SON; O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE ORAL, DANDO A OPORTUNIDADE DE FALAR, DE CONTAR E DE EXPRESARSE. E A EMOCIÓN E CURIOSIDADE DE APRENDER A TRAVÉS DO DESENVOLVEMENTO DE DIFERENTES PROPOSTAS E TALLERES ORGANIZADAS ESTE TRIMESTRE.

DESTA MANEIRA, LEVÁRONSE A CABO **PROPOSTAS** DE:

CADA PINZA NA SÚA LETRIÑA; IDENTIFICACIÓN E CORRESPONDENCIA GRAFÍA A GRAFÍA COS DEPRESORES DAS DIFERENTES LETRAS. CON ESTA ACTIVIDADE, ADEMAIS DE AFIANZAR O RECOÑECIMENTO DAS DIFERENTES LETRAS, TRABALLAREMOS A ATENCIÓN E A GRAFOMOTRICIDADE A TRAVÉS DA PINZA.



QUEN SON? ASOCIACIÓN DE NOMES COA IMAXEN DO SEUS OLLOS. O OBXECTIVO PRINCIPAL DESTA ACTIVIDADE É AVANZAR NO RECOÑECIMENTO DO NOME PROPIO COMO NOS DOS SEUS COMPAÑEIRO E COMPAÑEIRAS.



XOGAMOS COS SELOS: O OBXECTIVO PRINCIPAL É QUE REPRODUZCAN OS NOMES DOS COMPAÑEIRO/AS IDENTIFICANDO OS SELOS DAS DIFERENTES LETRAS. NESTA ACTIVIDADE TRABALLAREMOS NOMES PROPIOS, NOMES DAS DIFERENTES ÁRBORES, XA QUE ASÍ SEGUIREMOS AVANZANDO NA INVESTIGACIÓN DO NOSO PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO.



CONSTRUÍMOS LETRAS: CO USO DOS POLICUBOS XOGAREMOS A COMPOÑER LETRAS ESCRIBÍNDOLAS NA PIZARRA OU OUTRO NIVEL DE DIFICULTADE SERÁ O DE COMPOÑER LETRAS E FORMAR PALABRAS QUE EMPECEN POR ESA LETRA CREADA.



O ABECEDARIO TRAVIESO: COMO PROPOSTA COMPLEMENTARIA O TALLER REALIZADO CON ESTE CONTO, O ALUMNADO CO USO DO ALFABETO MÓBIL OU LETRAS MANIPULATIVAS IRÁN CONSTRUIDO PALABRAS QUE COMECEN POR ESA LETRA.



OUTRAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS SON: CATEGORIZACIÓN DE CAMPOS DE FAMILIAS, AVANZAMOS NO USO DOS RESAQUES, TRABALLAR A MOTRICIDADE FINA CO USO DE PINZAS...



"A CAPACIDADE PARA FALAR É O PRINCIPIO QUE DISTINGUE Ó SER HUMANO DAS DE MAIS ESPECIES" A FALA PERMITE EXTERIORIZAR IDEAS, DESEXOS, PENSAMENTOS, RECORDOS...POR ISO NOS TALLERES DE LINGUAXE TRABALLAREMOS TODOS ESTES AFECTOS AFONDANDO NA LINGUAXE ORAL, VOCABULARIO, FAVORECENDO A ESCOITA, TURNOS DE PALABRA...

NESTE TRIMESTRE ALGÚNS DOS TALLERES TRABALLADOS ESTIVERON RELACIONADOS COA CONCIENCIA FONOLÓXICA CO USO DO LIBRO "O ABECEDARIO TRAVIESO". NUN PRIMEIRO MOMENTO, EN GRAN GRUPO NOMEAREMOS PALABRAS QUE COMEZAN POR ESE SON, BUSCAREMOS O INTRUSO E FINALMENTE EN PAPEL PLASMAREMOS CO DEBUXO E ESCRITURA DAS IMAXES QUE COMEZAN POR ESE SON.



OUTROS TALLERES REALIZADOS NESTE ÁMBITO FORON:

- **PALABRAS EN MOVIMIENTO**, DEPENDENDO DA PALABRA QUE NOS TOCARE SEGMENTARÍAMOS OU DESCOMPOÑERÍAMOS A PALABRA EN SÍLABAS. SENDO A NOSA FERRAMENTA PRINCIPAL, O CORPO, PARA DESCOMPOÑER AS PALABRAS EN SÍLABAS LEVANTANDO OS BRAZOS, DANDO TANTOS SALTOS, DANDO PASIÑOS, PALMAS, COLLENDO O NÚMERO CORRESPONDENTE...
- **NARRACIÓN PRIMAVERAL**: EN GRAN GRUPO CREAREMOS UN CONTO CONXUNTO COA AXUDA DE DIFERENTES IMAXES QUE TEREMOS QUE IR RELACIONANDO. DESTA MANEIRA, TRABALLAREMOS S IMAXINACIÓN, CREATIVIDADE, VOCABULARIO, CONTRUCCIÓN DE ORACIÓNS SINXELAS, MANTER UNHA CATITUDE DE ESCOITA E RESPECTO...
- **GLOBOGRAMAS**: ASOCIACIÓN GRAFÍA A GRAFÍA DAS LETRAS ATOPADAS DENTRO DOS GLOBOS COAS LETRAS CORRESPONDENTES DE LIXA, TRABALLAMOS A CONCIENCIA FONOLÓXICA CREANDO PALABRAS, NOMEANDO PALABRAS QUE COMECEN POR ESE SON...



ESPAZO DE SENSORIAL E CREACIÓN

"El arte no se crea, el arte se participa".


NESTE TRIMESTRE CONTINUAMOS ENTENDENDO A EXPRESIÓN ARTÍSTICA COMO UNHA ACCIÓN LÚDICA, PROCESO DE SIMBOLIZACIÓN E DE OPORTUNIDADE PARA CREAR E SENTIR.

DESTA MANEIRA, LEVAMOS A CABO UNHA SERIE DE PROPOSTAS COAS QUE PROFUNDIZAMOS NO DESENVOLVEMENTO DA PSICOMOTRICIDADE FINA, PRENSIÓN, CREATIVIDADE E PERCEPCIÓN DOS SENTIDOS COMO:

CHUVIA PARA RABUÑOSO!



MESA SENSORIAL CON BOLIÑAS DE XEL



FLORES EN MACETAS CON ABALORIOS E LIMPIAPIPAS

TALLERES DE GRAFISMO CREATIVO,
DANDO RENDA SOLTA A NOSA
CREATIVIDADE E TRABALLANDO A
ATENCIÓN E ESCOITA ACTIVA



IDENTIFICAR TEXTURAS



ESPAZO DE VIDA PRÁCTICA

AS CRIANZAS NECESITAN EXERCITAR E TRABALLAR COAS SÚAS MANS, PARA TER MELLORES HABILIDADES MOTRICES DE CARA O FUTURO. NESTE ESPAZO PREPÁRANSE PEQUENAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA COTIÁ, DÁNDOLLES A POSIBILIDADE PARA MANIPULAR, EXPERIMENTAR, EQUIVOCARSE E VOLVER A COMEZAR SEN PRESIÓN. CON ESTE TIPO DE PROPOSTAS O ALUMNADO APRENDE A SER INDEPENDIENTE, AUTÓNOMO, A CONCENTRARSE E A CONTROLAR OS MÚSCULOS.



ESPAZO DE LÓXICA MATEMÁTICA

NA ZONA DE LÓXICA MATEMÁTICA PRESENTÁRONSE, TANTO PROPOSTAS DE TRABALLO COMO TALLERES PARA REPASAR E AFIANZAR APRENDIZAXES TRABALLADAS NOS ANTERIORES TRIMESTRES, ENGADINDO ALGÚN NOVO, COMO SON AS SIMETRÍAS E A INICIACIÓN Á OPERATIVIDADE. OS TALLER DE LÓXICA MATEMÁTICA ESTÁN PENSADOS PARA TRABALLARMOS OS CONTIDOS DUN XEITO MOI ESTRUCTURADO. ESTE TRIMESTRE AFIANZAMOS APRENDIZAXES INICIADAS NOS ANTERIORES, E AMPLIAMOS NAS DIFERENTES PROPOSTAS E TALLERES.

ALGUNHAS DAS **PROPOSTAS DE TRABALLO** DESTE TRIMESTRE SON:

CAMBIO DE COR, TAMAÑO E/OU FORMA
COS BLOQUES LÓXICOS.



ORIENTACIÓN ESPACIAL E
REPRODUCCIÓN DE PATRÓNS



IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS.
IGUALDADE E DIFERENZAS.
CONTEO E ASOCIACIÓN DE
CANTIDADE - NÚMERO. SIMETRÍAS,
PESO, SUMAS CON BALANZA



IDENTIFICACIÓN E
TRAZADO DE FORMAS
XEOMÉTRICAS.



A MEDIDA DO TEMPO.
SECUENCIAS TEMPORAIS.



NESTE TRIMESTRE, INTRODUCIMOS AS BARRAS AZUIS E VERMELLAS: DA PEDAGOXÍA MONTESSORI, AXUDAN A TRABALLAR ASPECTOS DAS MATEMÁTICAS DE XEITO MANIPULATIVO E VIVENCIAL COMO O CONCEPTO DE NÚMERO E CANTIDADE. PARA ISO PRIMEIRO DEBEN EXPLORAR O MATERIAL DE XEITO LIBRE, PERCATÁNDOSE DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS.



COS SUMBLOX, DESCUBRIRÁN COAS SÚAS PROPIAS MANS A DESCOMPOSICIÓN DAS SUMAS, RESTAS.... SENTIRÁN CADA NÚMERO NA PALMA DA SÚA MAN. ESTES, SON UNS BLOQUES DE NÚMEROS TALLADOS EN MADEIRA, OS CALES FAN SINXELA A APRENDIZAXE DOS CONCEPTOS MATEMÁTICOS COTIDIÁNS E MÁIS BÁSICOS A TRAVÉS DO XOGO. **MESMA ALTURA, MESMO VALOR**, GRAZAS A QUE CADA NÚMERO TEN UNHA ALTURA PROPORCIONAL Á CANTIDADE QUE REPRESENTA OS CATIVOS/AS IRÁN FACENDO IGUALACIÓNS ÓS DIFERENTES NÚMEROS. E POR SUPOSTO COMO MATERIAL DE EXPLORACIÓN É FANTÁSTICO PARA IR FACENDO TORRES, ESCALEIRAS ASCENDENTES O DESCENDENTES, CLASIFICACIÓNS DE NÚMEROS E SOBRE TODO CONSTRUCCIÓNS LIBRES.



EN RELACIÓN AOS TALLERES DE LÓXICA MATEMÁTICA TRABALLAMOS UNHA SERIE DE CONTIDOS MOI CONCRETOS, COMEZANDO SEMPRE DUN XEITO VIVENCIAL, SENTINDO NO PROPIO CORPO O QUE ESTAMOS A TRABALLAR, DESPOIS REALIZAMOS ACTIVIDADES MANIPULATIVAS E FINALMENTE INTENTAMOS PLASMAR O VIVIDO A TRAVÉS DO DEBUXO, DA REPRESENTACIÓN CON PINCEIS, PLASTILINA, DUNHA CONVERSA....

TALLER DE XEOMETRÍA, SIMETRÍAS: NO DESENVOLVEMENTO MATEMÁTICO DOS NENOS E NENAS FAISE IMPRESCINDIBLE TRABALLAR O CONCEPTO DE SIMETRÍA. PARTINDO SEMPRE DE ACTIVIDADES VIVENCIAIS, COMO POR EXEMPLO PEGARLE Ó NENO/A CINTA DE Ariba A ABAIXO, MARCANDO O EIXO QUE DIVIDE O CORPO. COMO SON AS DÚAS PARTES? IGUAIS? HAI AS MESMAS PARTES DO CORPO NOS DOUS LADOS?



TALLERES DE NUMERACIÓN, RECTA NUMÉRICA: SEGUIMOS TRABALLANDO COA RECTA NUMÉRICA, ONDE TRABLLAREMOS ASPECTOS DE NUMERACIÓN, ORDE, CANTIDADE, VIVENCIACIÓN TRABALLANDO ASPECTOS DE ANTES, DESPOIS....

TALLERES DE OPERATIVIDADE: INICIÁMONOS NA OPERATIVIDADE FACENDO DESCOMPOSICIÓNS DE CANTIDADES DADAS. PRIMEIRO DESCOMPOÑENDO UN GRUPO X DE NENOS/AS, INCIDINDO NO FEITO DE QUE SON OS MESMOS NO GRUPO A PESARES DOS CAMBIOS DE DISTRIBUCIÓN, VERBALIZANDO ESTES CAMBIOS. LOGO PASAMOS A TRABALLAR DE XEITO MANIPULATIVO CON PEZAS DE CONSTRUCCIÓN, FACEMOS UNHA TORRE CON 5 PEZAS, POR EXEMPLO, SE FACEMOS CON ESAS MESMAS PEZAS DÚAS TORRES, CANTAS PODE TER CADA UNHA? SIGO A TER A MESMA CANTIDADE DE PEZAS?



TALLERES DE XOGOS DE DIFERENZAS:


TRABALLAMOS COS BLOQUES LÓXICOS, COMPARAMOS DÚAS PEZAS, FIXÁNDONOS BEN NAS CUALIDADES COMÚNS E BUSCANDO AS QUE TEÑEN DIFERENTE. TRABALLAMOS CON 1 DIFERENZA, 2 E MESMO CON 3 . PODE SER **A COR, A FORMA, E/ OU O TAMAÑO**. NOS XOGOS DE DIFERENZAS NON SÓ É FACER CORRESPONDER UNHA FIGURA CON OUTRA, SENÓN DE IR POÑENDO AS PEZAS EN FORMA DE CADEA COMO NUN DOMINÓ COMPARANDO CADA UNHA COA SEGUINTE E POR CRITERIOS NON SÓ DUNHA DIFERENZA, SENÓN DE 2 OU 3.



COS TALLERES DOS XOGOS LÓXICOS, ESTAMOS A TRABALLAR A MEMORIA, A PLANIFICACIÓN, O CONTROL INHIBITORIO, A TOMA DE DECISIÓNS O RAZONAMENTO, A ATENCIÓN E A PERCEPCIÓN VISUAL ENTRE OUTROS. ALGÚNS SON MÁIS ESPECÍFICOS DE CONTEO, CÁLCULO MENTAL, ORIENTACIÓN ESPACIAL ...



CHEGA UN DOS DÍAS MÁIS ESPECIAIS PARA OS NOSOS PEQUES, O DÍA DO SEU ANIVERSARIO. O PASADO CURSO COMEZAMOS A CELEBRALO Ó ESTILO MONTESSORI, É DICIR, A **CELEBRACIÓN DA VIDA**. NESTRE TRIMESTRE CELEBRAMOS OS CUMPLES DE CARLAC, TOMÁS, DANIELA E IRENE.



NESTE TRIMESTRE
**A MOCHILA
VIAXEIRA** CHEGOU
O SEU FIN, E
PASOU POLAS
CASAS DE IRENE E
MICHAEL.



UN DOS NOSOS MOMENTOS FAVORITOS É O MOMENTO DO PATIO. NESTES MESES, XA FUMOS CAMBIANDO A RUTINA DO IMPERBEABLE E BOTAS POLA CALOR, PERO NON CAMBIAMOS OS NOSOS MOMENTOS DE AUGA, TERRA...
AQUÍ, DAMOS RENDA SOLTA O XOGO LIBRE, XOGAMOS OS RESTAURANTES, OS MÉDICOS, BAÑAMOS OS BEBÉS, LEMOS CONTOS O SOLIÑO...



PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

DURANTE ESTE CURSO ESTAMOS A DESENVOLVER UN PROXECTO ANUAL QUE TEN COMO PUNTO DE PARTIDA A BIBLIOTECA DO NOSO CRA. Ó LONGO DOS TRES TRIMESTRES ABORDAMOS ASPECTOS RELACIONADOS CO COÑECEMENTO DA NOSA CONTORNA E, SOBRE TODO, AS ÁRBORES E VEXETACIÓN QUE FORMAN PARTE DELA.

PARTIU DUNHA AVENTURA DE RABUÑOSO, XUNTO CON NATURIZO E MÁXICA, QUE MENTRES XOGABAN EN PORTAPISÓN COÑECERON A UN CARBALLO AO QUE LLE CAÍAN AS FOLLAS E MARCHABAN POLO RÍO ABAIXO... (<https://www.youtube.com/watch?v=4UdqpvPH2KE>). E POLO RÍO ABAIXO TAMÉN MARCHARON OS NOS@S AMIG@S, SEGUÍNDOS... NACENDO ASÍ UNHA INVESTIGACIÓN, NA QUE OS NEN@S DA ESCOLA SON OS INVESTIGADORES, XOGANDO CON PISTAS E COMUNICACIÓN CONTINUA CON RABUÑOSO E MÁXICA. BUSCARÁN DAR RESPÓSTAS AOS MÚLTIPLES INTERROGANTES QUE VAIAN XURDINDO NESTA AVENTURA.

ENLAZAMOS ESTA IDEA COA NOSA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA PROXECTO RÍOS EN COLABORACIÓN CO CPI DE MOSTEIRO E, DESTE XEITO, TAMÉN ABORDAR O COÑECEMENTO DESTE ELEMENTO NATURAL E DA SÚA FAUNA E FLORA.

COMEZAMOS XA NO TRIMESTRE PASADO RECIBINDO TAMÉN UNHA CARTA DE MÁXICA E RABUÑOSO, E FACENDO OS NOSOS CARNÉS DE INVESTIGADORES.

IGUAL QUE NOS TRIMESTRES ANTERIORES, SEGUIMOS INVESTIGANDO SOBRE AS ÁRBORES DA NOSA CONTORNA, VENDO AS SÚAS CARACTERÍSTICAS E TRABALLANDO O COIDADADO DA NATUREZA.

CONTINUANDO CO TRABALLO FEITO ATA O MOMENTO E PARA DISFRUTAR DA ZONA QUE NOS RODEA, SEGUIMOS FACENDO **SAÍDAS** Ó RÍO DESCUBRINDO ÁRBORES COMO O SABUGUEIRO, O SALGUEIRO E O FREIXO, RECOLLENDO FOLLAS E FLORES.

MOITAS DESTAS ÁRBORES, PUIDEMOS OBSERVALAS GRAZAS A XUNTANZA COS NOSOS COMPAÑEIRO/AS DE SAN TOMÉ.



DESPOIS DE CADA SAÍDA, E DE SECAR AS SÚAS FOLLAS, SEGUIMOS CONSTRUÍNDO O NOSO HERBARIO, DEIXANDO CONSTANCIA DE CADA UNHA DESTAS ÁRBORES E DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS MÁIS IMPORTANTES.



ADEMAIS CREAMOS UN ESPAZO DE NATUREZA DENTRO DA AULA, CON DIFERENTES PROPOSTAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS:



QUEBRACABEZAS COAS PARTES
DUNHA FOLLA E DUNHA
ÁRBORE



OBSERVACIÓN DE DIFERENTES
LIBROS RELACIONADO CO
TEMA, COMO: "INVENTARIO
DAS ÁRBORES" DA EDITORIAL
KALANDRAKA PARA OBSERVAR E
" DIFERENTES TIPOS DE
ÁRBORES E O CONTO "UNHA
ÁRBORE"



CELEBRACIÓN E CONMEMORACIÓN PICNIC LITERARIO

SEN DÚBIDA, UN DOS DÍAS MÁIS ESPECIAIS NON SÓ DO TRIMESTRE SENÓN DO CURSO, POIS ESTÁBAMOS DESEXOSOS DE FACER AS FAMILIAS PARTICIPES DESTA XORNADA ADEMAIS DE REALIZAR UNHA ACTIVIDADE CONXUNTA CON TODAS AS ESCOLAS. O ESPAZO, A COMPAÑÍA E OS RECURSOS FIXERON QUE SE CONVERTESE NA MELLOR OPORTUNIDADE DE CONMEMORAR O DÍA DO LIBRO.

POUCO A POUCO FOMOS CHEGANDO ATA O LUGAR, IMPREGNADO DE NATUREZA, DE VIDA E DE ACTIVIDADE. EXPLORAMOS O ESPAZO E ESCOLLEMOS UNHA ÁRBORE BAIXO A CAL REUNIRNOS COMO ESCOLA.

DESPOIS DESTA ANACO CHEO DE RELACIÓN E INTERACCIÓN COMEZAMOS UNHA PEQUENA ANDAINA ATA A ALDEA LABREGA. UN PERCORRIDO QUE NOS PUXO ALGÚN QUE OUTRO RETO NO CAMIÑO (PONTES, PEDRAS...). AO CHEGAR ATA ELA, ESTIRAMOS A NOSA MANTA DE PICNIC E DISPUXÉMONOS A ESCOITAR AO PROFE ANTONIO, QUE TIÑA UNHA GRAN MISIÓN PARA NOS.

AQUÍ LEVOUSE A CABO A ACTIVIDADE PRINCIPAL DO PICNIC, UNHA BUSCA DE TESOURO NA QUE OS CONTOS MÁIS COÑECIDOS DO ALUMNADO ERAN OS PROTAGONISTAS. PARA PODER ATOPALO ANTONIO FOI DINAMIZANDO A ACTIVIDADE (ESPERAMOS QUE VOS FIXERA PASAR UN BO RATO) OFRECENDO CERTAS PISTAS (UNHAS ORELLAS, UNHA CULLER, UNHA TORTA DE ANIVERSARIO...) A PARTIR DAS CALES O ALUMNADO TIVO QUE ADIVIÑAR O SEU CONTO A LOCALIZAR.

UNHA VEZ IDENTIFICADO O CONTO, E FROITO DA EMOCIÓN, CADA AULA SAÍA DISPARADA NA BUSCA DUNHA CAIXA TEMÁTICA (A CAL CONTIÑA O CONTO CORRESPONDENTE). A VERDADE É QUE NENOS E NENAS SON EXPERTOS NESTAS HISTORIAS ASÍ QUE NON TIVERON MOITA DIFICULTADE PARA COMPLETAR A MISTÓN.



AO FINALIZAR ESTA BUSCA LITERARIA, VOLVEMOS POLO CAMIÑO ATA A ÁRBORE QUE CUBRÍA AS NOSAS PERTENZAS E TIVO LUGAR UN MOMENTO MÁXICO XA QUE TANTO DOCENTES COMO FAMILIAS E INCLUSO ALUMNADO SE CONVERTERON EN NARRADORES DE HISTORIAS. UNHA ESTAMPA MARABILLOSA NA QUE AS MANTAS DE PICNIC SE ENCHERON DE MILLEIROS DE LIBROS E, O MÁIS IMPORTANTE, DE VÍNCULOS E INTERACCIÓNS.

DESPOIS DE TODO ISTO, E COMO NON PODÍA SER DOUTRO XEITO NUN PICNIC... COMPARTIMOS CO AIRE LIBRE UNHA DELICIOSA MERENDA POLA CAL TEMOS QUE DAR GRACIAS A ANPA E AS FAMILIAS QUE SE ENCARGARON DE REPARTIR VASOS, AUGA, BROCHETAS DE FROITA, BOCATAS, TORTILLA.... COMO NON NOS ÍA ENTRAR A FAME CON TODO ISTO TAN APETECIBLE??

COAS FORZAS XA RECUPERADAS APROVEITAMOS UN RATIÑO DE XOGO LIBRE PARA AXUDAR A COÑECERNOS MELLOR E MENTRES FACÍAMOS TEMPO PARA A SORPRESA FINAL!!

O DÍA PECHOU COA ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO PESDELÁ GRACIAS A QUEN DANZAMOS, CANTAMOS, XOGAMOS, RIMOS E COMPARTIMOS MOMENTOS MOI AGRADABLES TANTO O ALUMNADO COMO OS ADULTOS!!

NON TEMOS DÚBIDA DE QUE NENOS E NENAS CHEGARON ESTE DÍA A CASA AGOTADOS PERO ISO É SINAL DE QUE FOI UN ÉXITO DE XORNADA. MOITAS GRACIAS FAMILIAS POR PARTICIPAR E ACOMPAÑARNOS!



DÍA DA FAMILIA

SE AS APRENDIZAXES MÁIS SIGNIFICATIVAS DOS NEN@S DANSE EN RELACIÓN COA CONTORNA PRÓXIMA, QUE PODE HABER MÁIS PRÓXIMO CA FAMILIA, SON QUEN TE ACOLE CANDO NACES, QUEN CHE PROPORCIONA AS PRIMEIRAS EXPERIENCIAS DE VIDA... PERO TAMÉN QUEN TE VAI ACOMPAÑAR TODO O CAMIÑO DA MESMA, POR ISO É TAN IMPORTANTE, QUE DENDE O COLE DECIDIMOS DAR CABIDA Á CELEBRACIÓN DO "DÍA DA FAMILIA" QUE É O 15 DE MAIO. FIXÉMOLO COMA SEMPRE, PARTINDO DUN ELEMENTO TAN MOTIVADOR COMO É A ESTAS IDADES, O CONTO, NESTE CASO O ELIXIDO FOI "UN PUÑADO DE BOTONES".



ESTE CONTO, INVÍTANOS A COÑECER DISTINTOS TIPOS DE FAMILIAS, SABENDO QUE TODAS TEÑEN UN FIO EN COMÚN QUE UNES AOS SEUS MEMBROS, O AMOR.

E COMO NON PODÍA SER DOUTRA MANEIRA, TAMÉN CUN AGASALLO PARA COMPARTIR COA MESMA, DESTA VOLTA FIXEMOS UN ADORNO NO QUE SOBRE UNHA BASE DE PASTA DE MODELAR, ARXILA... COLOCAMOS UN CORAZÓN FEITOS CON "ABALORIOS" ENSERTADOS NUN LIMPAPIPAS, CON FORMA DE CORAZÓN E EMPREGAMOS OS BOTÓNS PARA REALIZAR UN DEBUXO DAS NOSAS FAMILIAS,



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

COMO CADA ANO, CONMEMORAMOS O FEITO DE TER NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA UNHA LINGUA PROPIA, O GALEGO, O 17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ADICADO DESTA VOLTA A **FLORECIO DELGADO**.

DENDE O EDL PROPÚXOSE REALIZAR UNHA CELEBRACIÓN NA QUE DE NOVO XUNTÁMONOS EN PEQUENOS GRUPOS DE VARIAS AULAS, ACUDINDO A UN ENTORNO NATURAL, E VINCULANDO UN DOS POEMAS DESTE AUTOR:

**DO RÍO FARELOS,
AÍ VÉN A CALDEIRA
PARA MATAR A SEDE
DE TODAS AS TERRAS**

COA NOSA CONTORNA, RÍOS, ÁRBORES...
REALIZANDO ACTIVIDADES COMA:
OBSERVACIÓN DAS ÁRBORES E
IDENTIFICACIÓN DAS FOLLAS COAS
TARXETAS, RECOLLIDA DE FOLLAS PARA A
POSTERIOR REALIZACIÓN DO NOSO
HERBARIO, APRENDIMOS O POEMA DE
FLORENCIO...
PERO SOBRE TODO, CONVIVIR, COS AMIG@S
DOUTRAS AULAS E COS DE TODOS OS DÍAS,
DESFRUTANDO DO XOGO AO AIRE LIBRE



DÍA DO MEDIO AMBIENTE

FOMENTAR A CONCIENCIA ECOLÓXICA E POLO TANTO A NECESIDADE DE COIDAD DO NOSO PLANETA, É UN OBXECTIVO QUE SE INCLÚE XA NAS ETAPAS INICIAS DO ENSINO, E ADEMAIS DE EN TODAS AS SITUACIÓNS DA VIDA COTIÁ QUE O FAVORECEN, ESTE CURSO, DENDE VOZ NATURA, PROPÚXOSE TRABALLALO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DO MEDIO AMBIENTE (5 DE MAIO). FACÉNDOO A TRAVÉS DE DIFERENTES OBRADOIROS, NOS QUE PARTINDO DO DIÁLOGO E POSTA EN COMÚN DOS COÑECEMENTOS SOBRE O TEMA, SOBRE TODO DA IMPORTANCIA DE EVITAR CONDUTAS QUE SEXAN CONTRARIAS Á CONSERVACIÓN DA NOSA CONTORNA, QUE PODEN REPERCUTIR DIRECTAMENTE NA FLORA E FAUNA DA MESMA E TAMÉN NA PROPIA VIDA DAS PERSOAS, VISIONADO DUN VÍDEO SOBRE OS PLÁSTICO NO MAR E FIXEMOS UNHA SAÍDA QUE INCLUÍA, EMPREGANDO ENTRE OUTROS, O NOVO MATERIAL COMPRADO DENDE PROXECTO RÍOS, RECOLLER O LIXO QUE ATOPABAMOS, PARA LOGO, UNHA VEZ NA AULA, LEVAR A CABO UN NOVO OBRADOIRO NO QUE O SEPARABAMOS

SEGUNDO HOUBERA QUE RECICLALOS NO BOTE DE "COMELLÓN" (ORGÁNICO, VERDE), "PLASTICHÍN" (PLÁSTICOS E ENVASES LIXEIROS, AMARELO) OU CARTÚNEZ (PAPEL, AZUL).



VOZ NATURA

ESTE CURSO CONSEGUIMOS MESAS DE PLANTACIÓN PARA TÓDALAS ESCOLAS. NO MES DE ABRIL NOLAS MONTARON E PLANTAMOS CHÍCHAROS, FRESAS E LEITUGAS, PARA PODER VELAS MEDRAR NO POUCO TEMPO QUE NOS QUEDA DE CURSO. TAMÉN HOUBO ESCOLAS QUE PLANTARON MÁIS PEMENTOS. HAI ESCOLAS QUE CAMBIARON UNHA HORTA POLA OUTRA, PERO HAINAS QUE MANTEÑEN AS DÚAS. ASÍ, EN SAN LORENZO RECOLECTAMOS A COLLEITA ANTERIOR E PLANTAMOS NA NOSA MESA NOVA.



OS MAIOS

A DESPEDIDA DEFINITIVA DO INVERNO CHEGOU COA FESTA DOS MAIOS, PERO ESTE ANO TAMÉN DE FORMA DIFERENTE. COMO O CURSO PASADO, CADA ESCOLA FIXO UNHA SAÍDA Á CONTORNA PARA RECOLLER PAMPULLOS E PODER FACER COLARES, PULSEIRAS E MESMO COROAS. É ÉPOCA DE EXALTACIÓN DA NATUREZA CON TÓDAS CORES DA PRIMAVERA E O COMEZO DA CALOR.



XUNTANZAS DO ALUMNADO DE 5 ANOS

O 1 DE XUÑO HOUBO UNHA XUNTANZA EN PARADELA, ONDE SE REUNIRON OS NENOS DE 5 ANOS DAS DISTINTAS ESCOLAS DO CRA DE MEIS. EMPEZAMOS A XORNADA CUN ENCONTRO, QUE NOS SERVE PARA COÑECERNOS MELLOR. A TRAVÉS DO XOGO LIBRE E CON MATERIAIS DIVERSOS FOMOS FACENDO PEQUENOS GRUPOS DE MANEIRA ALEATORIA. ISTO NON SERVIU PARA INTERACTUAR, SOCIALIZAR E APRENDER DISTINTAS ACTITUDES COMO: O RESPECTO, A AXUDA, O COMPROMISO, A RESPONSABILIDADE, ETC. TAMÉN UTILIZAMOS O XOGO COOPERATIVO, ONDE TRABALLAMOS AS HABILIDADES SOCIAIS E A EDUCACIÓN EMOCIONAL, FUNDAMENTALMENTE.

REALIZAMOS DIFERENTES ACTIVIDADES COMA: COMPOÑER O CORPO DE OUTROS COMPAÑEIRO/AS A TRAVÉS DE FOTOS. AO MESMO TEMPO PARTICIPAMOS NA RADIO CON PAULA CARBALLEIRA (ESCRITORA, ACTRIZ E CONTACONTOS), ONDE LLE FACIAMOS PREGUNTAS SOBRE OS CONTOS QUE ELA CONTABA E ELA TAMÉN NOS PREGUNTABA SOBRE A NOSA MASCOTA RABUÑOSO E MÁXICA. CHEGADO ESTE MOMENTO DESCANSAMOS TODOS XUNTOS, MERENDAMOS E CONVERSAMOS E FINALMENTE NO CAMPO DA BOCA DESFRUTAMOS DUNHA SESIÓN DE CONTACONTOS E XOGO LIBRE.



VISITA AO CPI DO ALUMNADO DE 5 ANOS

OS NENOS E NENAS DO ÚLTIMO CURSO DE EI DO CRA VISITAMOS O CPI DE MOSTEIRO. SAÍMOS, TODOS XUNTOS, DA ESCOLA DE SAN TOMÉ PASEANDO ATA CPI. FOMOS RECIBIDOS POR ALGÚNS PROFESORES, QUE FORON A NOSA GUÍA E ACOMPAÑAMENTO DESDE O INICIO ATA O FINAL DA XORNADA. UNHA VEZ DENTRO, MOSTRÁRONNOS AS AULAS DE 1º E 2º DE PRIMARIA, A BIBLIOTECA...

NA BIBLIOTECA FIXEMOS UNHA PEQUENA ASEMBLEA, PRESENTÁNDOSE ALUMNOS E PROFESORES, ANTIGO ALUMNADO DO CRA E O ALUMNADO QUE SE INCORPORARÁ AO CPI NO CURSO 2022-2023.



A CONTINUACIÓN, SAÍMOS E LEVÁRONNOS ATA A AULA DE MÚSICA, SEGUIMOS O NOSO CAMIÑO, E NAS INSTALACIÓNS DO CENTRO MERENDAMOS,

DESPOIS DA MERENDA, FOMOS AO PATIO, ONDE GOZAMOS TIRÁNDONOS DA TIROLESA, CAMIÑAMOS SOBRE PONTES DE CORDAS, DESPRAZÁMONOS POLAS ESCALEIRAS HORIZONTAIS, CAMIÑAMOS POR ENCIMA DOS PNEUMÁTICOS, ENTRAMOS E XOGAMOS NA CASIÑA DE MADEIRA..., DIVERTÍMONOS MOITÍSIMO.



AO VOLVER DO PATIO, EN GRUPOS VISITAMOS O LABORATORIO, ONDE CAMILO, COMPAÑEIRO DOCENTE DO CPI, ACOMPAÑADO DE TRES ALUMNOS DE 1º E 2º DA ESO, QUE LLE AXUDABAN, PARTICIPAMOS NUNHA SESIÓN MOI INTERESANTE E MOTIVADORA, ONDE NOS PRESENTARON LÁMINAS DE DIFERENTES ANIMAIS: VACA, CABALO, OVELLA..., E NÓS TIÑAMOS QUE COLOCALOS XUNTO O CRANIO CORRESPONDENTE. EXPLICOUNOS CAL É A DIFERENZA DE CADA CRANIO DE ANIMAL, QUE ESTABAN EXPOSTOS NO LABORATORIO

EN POUCO TEMPO, VOLVERÁN OUTRA VEZ A ESTE CENTRO O NOSO ALUMNADO DE ÚLTIMO CURSO, PERO XA COMO ALUMNOS E ALUMNAS NOVOS DO CPI DE MOSTEIRO. DESEXÁMOSLLES UN FUTURO PRÓSPERO E CHEO DE NOVAS ANDANZAS.

ESPECIALIDADES



LINGUA ESTRANXEIRA

NAS CLASES DE LINGUA ESTRANXEIRA UTILIZAMOS CANCIÓNS, CONTOS, VÍDEOS E MATERIAIS DA CLASE PARA APRENDER VOCABULARIO E EXPRESIÓNS SINXELAS.

NO TERCEIRO TRIMESTRE REPASAMOS OS NÚMEROS DO 1 AO 5/10 E OS ANIMAIS DA GRANXA E SALVAXES A TRAVÉS DAS CANCIÓNS: "", "WHAT DO YOU SEE?", "WALKING IN THE JUNGLE" ENTRE OUTRAS, DIVERSOS VIDEOS DE "STEVE AND MAGGIE" COS MATERIAIS DAS AULAS.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: "WHAT ANIMAL IS THIS? IT IS A...", "HOW MANY...?", "IT IS A FARM ANIMAL", IT IS A WILD ANIMAL".

TAMÉN APRENDIMOS OS MEDIOS DE TRANSPORTE COAS FLASHCARDS, MATERIAIS DA AULA, CANCIÓNS COMA: "THE WHEELS ON THE BUS", "THE TRANSPORTS SONG" E VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE.



MÚSICA

A MÚSICA É UNHA FERRAMENTA EXCELENTE PARA FOMENTAR RELACIÓNS, GOZAR XUNTOS, COLABORAR, IDENTIFICAR EMOCIÓNS, DESENVOLVER A MOTRICIDADE GROSA E FINA, MELLORAR A EXPRESIÓN CORPORAL, A EXPRESIÓN ORAL, A MEMORIA, A ATENCIÓN, A CREATIVIDADE...

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE SEGUIMOS TRABALLANDO A PARTIR DE CONTOS E CANCIÓNS, CONTINUANDO A LIÑA QUE COMEZAMOS NO SEGUNDO TRIMESTRE, E AMPLIANDO AS ACTIVIDADES BASEADAS NESES CONTOS (*A PRINCESA DO CAUREL, A MELLOR SOPA DO MUNDO, A BRUXA REGAÑADENTES, O PAPÓN...*). PARA O ALUMNADO DESTAS IDADES É IMPORTANTE REPETIR E AFIANZAR AS HISTORIAS, COUSA QUE LLES GUSTA E MOTIVA MOITO, EN ESPECIAL NA EXPRESIÓN DRAMÁTICA. ASÍ, ACOMPAÑAMOS AS CANCIÓNS E O XOGO DRAMÁTICO CON PERCUSIÓN CORPORAL, INSTRUMENTOS DE PLACAS E PEQUENA PERCUSIÓN.

ESTE CURSO CELEBRAMOS, POR FIN, O NOSO IV PÍCNIC LITERARIO E TIVEMOS COMO CONVIDADAS PARA REMATAR O DÍA A PESDELÁN, COAS QUE CANTAMOS E BAILAMOS. POIS BEN, COMO PREPARACIÓN PARA ESTE CONCERTO, NAS SEMANAS PREVIAS NA CLASE DE MÚSICA, ESTIVEMOS PRACTICANDO VARIOS BAILES E CANCIÓNS (ADAPTADAS) DESTE FENOMENAL GRUPO, EN ESPECIAL *INDO EU E O BAILE DA CARRASQUIÑA*.



POR OUTRA BANDA, AO LONGO DO TRIMESTRE, FIXEMOS UNHA PEQUENA INTRODUCIÓN Á MÚSICA DE MOZART (E Á MÚSICA CLÁSICA EN XERAL), A TRAVÉS DE DOUS CONTOS CON MÚSICA E A VARIOS VÍDEOS SELECCIONADOS, QUE ADEMAIS VALERON PARA ESCOITAR, VER E NOMEAR DIFERENTES INSTRUMENTOS DA ORQUESTRA, ASÍ COMO PARA RECOÑECER ALGÚN FRAGMENTO DA ÓPERA *A FRAUTA MÁXICA* (POR EXEMPLO A ARIA DA *RAÍÑA DA NOITE*, QUE LLES CHAMOU MOITO A ATENCIÓN).

CON MOTIVO D'ALGUNHA OUTRA ACTIVIDADE OU CELEBRACIÓN, CANTAMOS TAMÉN CANCIÓNS QUE TIÑAN QUE VER CON ESES ACONTECEMENTOS. POR EXEMPLO, *A HORTA DE BALBINA* (DE MARÍA FUMAÇA) CANDO PLANTAMOS NAS NOSAS HORTAS, OU *AHÍ VEN O MAIO* (CO NOVO LIBRO INFANTIL EDITADO POR XERAIS SOBRE A POESÍA DE CURROS E A MÚSICA DE LUIS EMILIO BATALLÁN) CANDO CELEBRAMOS O MAIO.

ADEMAIS, EN MOITAS DAS SESIÓNS SEGUE HABENDO LUGAR PARA AS CANCIÓNS MOTORAS, ESAS COAS QUE LEVAMOS TRABALLANDO VARIOS ANOS, UNHA PARA CADA DÍA DA SEMANA, E QUE PERMITEN DESENVOLVER E PREVIR DIFICULTADES NA MOTRICIDADE DAS CRIANZAS.



PSICOMOTRICIDADE

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE SEGUIMOS TRABALLANDO DENDE A NOSA ÁREA, A TRAVÉS DO CORPO E DO MOVEMENTO COMO INSTRUMENTOS QUE NOS PERMITEN COÑECER O NOSO CORPO, O ENTORNO PRÓXIMO, E A OS DEMÁIS.

OS CONTIDOS QUE SE DESENVOLVERON FORON: O COÑECEMENTO DO NOSO CORPO, A TRAVÉS DE XOGOS ONDE TIÑAN QUE LOCALIZAR AS DIFERENTES PARTES DO CORPO, AS HABILIDADES MOTRICES BÁSICAS (DESPLAZAMENTOS, SALTOS, LANZAMENTOS OU RECEPCIÓNS) A TRAVÉS DE XOGOS CANTADOS ONDE TIÑAN QUE REPRESENTAR ANIMAIS, OU DIFERENTES FORMAS DE DESPLAZARSE, XOGOS DE LANZAMENTOS DE PRECISIÓNS, E XOGOS CON REGRAS SINXELAS QUE MELLORARON AS RELACIÓNS SOCIAIS (XOGOS DE PERSECUCIÓNS, DE ESCONDERSE, DE CARREIRAS...).


A MÚSICA TAMÉN FOI UNA GRAN FERRAMENTA PARA A FASE DE ANIMACIÓN, QUE AXUDOU A O ALUMNADO A EXPRESAR AS SUAS EMOCIÓNS E SENTIMENTOS.



RELIXIÓN

NESTE 3º TRIMESTRE EN RELIXIÓN TRABALLAMOS:

- SOMOS AMIGOS.
- PERDÓN, A PALABRA MÁXICA
- COÑECENDO A MARÍA



A TRAVÉS DE DINÁMICAS DE GRUPO COÑECEMOS MELLOR AOS NOSOS AMIGOS

CONTAMOS O CONTO DE "CHUSCO, UN PERRO CALLEJERO", CO CAL TRABALLAMOS O VALOR DA AMIZADE E A COOPERACIÓN ENTRE AMIGOS. DEBUXÁMONOS CON CHUSCO E OS SEUS AMIGOS



FIXEMOS UNAS MÁSCARAS DA OVELLA E DO LOBO

PARTIMOS DO CAPÍTULO "ME PERDONA, NO ME PERDONA", DA SERIE DE DEBUXOS ANIMADOS "YA LLEGA NODDY":

<https://www.youtube.com/watch?v=O8WmGidwbxg>

E TRABALLAMOS O PERDÓN A TRAVÉS DE DIFRENTES ESTRATEXIAS TALES COMO XOGOS E DRAMATIZACIÓNS

COÑECEMOS A PARÁBOLA DA OVELLA PERDIDA A TRAVÉS DAS MARIONETAS DE VALIVÁN.





ATENCIÓN EDUCATIVA

CONTINUAMOS CO TRABALLO INICIADO NOS TRIMESTRES ANTERIORES, SEGUIMOS PROFUNDANDO NOS VALORES QUE REXEN AS NOSAS VIDAS, VALORES AOS QUE CHEGAMOS DESDE A LECTURA, A REFLEXIÓN DE CONTOS QUE CENTRAN AS NECESIDADES E CURIOSIDADES NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. ELABORAMOS TRABALLOS EN GRAN GRUPO E PEQUENO GRUPO, REALIZANDO BRAINSTORMING SOBRE OS VALORES QUE PRESENTAN NOS SEUS ACTOS OS PROTAGONISTAS DAS NOSAS HISTORIAS.

DISCUTIMOS A IMPORTANCIA DE DICIR A VERDADE E OS EFECTOS NOCIVOS QUE TRAE CONSIGO DICIR MENTIRAS. SEGUIMOS CUN SENTIMENTO QUE SE ATOPA PRESENTE NA VIDA DO SER HUMANO, O AMOR. AFASTÁMONOS DAS IDEAS ESTEREOTIPADAS DE DISNEY E, IMOS TENTAR PROFUNDAR NO SENTIMENTO, BUSCAMOS AS RAZÓNS PARA ANALIZAR PORQUE QUEREMOS ÁS PERSOAS, QUE NOS ACHEGA ESTE SENTIMENTO E A SÚA AUSENCIA QUE EFECTOS TEN SOBRE AS NOSAS VIDAS. SOMOS SERES SOCIAIS QUE NECESITAMOS SENTIRNOS PARTE DO GRUPO, VALORADOS E VALORAR A OUTROS, POR TANTO PROFUNDAMOS NO SENTIMENTO DO AMOR DESDE UNHA CONCEPCIÓN AMPLA E COMPENSIBLE PARA O ALUMNADO.

A AXENDA 2030 ESTABECE A IMPORTANCIA DO COIDADO E RESPECTO DO MEDIO AMBIENTE E A NECESIDADE DO TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE AS PERSOAS A TODAS AS IDADES, POR TANTO E DESDE ESTE CONTEXTO, TRABALLAMOS ,APOIÁNDONOS NO CENTRO DE INTERESE DA PRIMAVERA, ESTA ESTACIÓN, O ESPERTAR DOS ANIMAIS E DAS PLANTAS, O SEU COIDADO E RESPECTO DA NATUREZA.



E ATA AQUÍ CHEGAMOS...

AGORA, RECIBINDO COS BRAZOS ABERTOS O LUMINOSO VERÁN, É TEMPO DE REPOUSAR, INTEGRAR O APRENDIDO E GOZAR AO MÁXIMO DOS MOMENTOS DE LECER.

AGRADECEMOS A TODAS VÓS, FAMILIAS, A VOSA COLABORACIÓN E IMPLICACIÓN NA ESCOLA.

PARA OS QUE COMEZAN UNHA NOVA ETAPA NA SÚA VIDA ESCOLAR DESEXÁMOSLLES TODO O MELLOR. QUE SEXAN BONITOS ESES ANOS QUE VEÑEN.

PARA OS QUE VOLVEN TRALAS VACACIÓNS, ESPERÁMOLOS EN SETEMBRO PARA CONTINUAR ACOMPAÑÁNDOOS NO SEU CAMIÑO.

PARA TODOS E TODAS, QUE ESTE VERÁN VEÑA CARGADO DE INSTANTES DESES QUE NUTREN E FAN TANTO BEN.



BO VERÁN!

